

COMUNICADO DE PRENSA

Día Mundial dos Humidais - 2 de febreiro de 2014

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) pronúnciase a favor do emprego de prácticas sostibles na agricultura para evitar a desaparición destes ecosistemas esenciais

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2014. Mañá domingo día 2 de febreiro, celébrase o día mundial dos humidais como cada segundo día de febreiro desde o ano 1977, e ao que se une o COBGA ano tras ano. Este día foi proposto pola **Convención de Ramsar** co obxecto de conservar os humidais, tanto ao través da súa xestión sostible como pola redución de contaminación que desde outras fontes pode chegar a eles. Neste sentido, o lema deste ano establecido pola Convención de Ramsar é **"Agricultura e humidais"**.

A Convención de Ramsar establece unha definición ampla do concepto de humidais naturais na que inclúe lagos, ríos, marismas, pastizais húmidos, turbeiras e zonas mariñas próximas ás costas, entre outras e de humidais artificiais, como os encoros. O desenvolvemento da agricultura está moi ligado aos humidais desde tempos remotos, mediante a desecación de lagoas, como por exemplo a de Antela en Galicia ou a utilización da auga para a rega. **A calidade da auga destes humidais é fundamental**, non só para o seu uso agrícola sostible, senón tamén para o desenvolvemento da biodiversidade asociada a este tipo de ecosistemas a diferentes escalas, desde os microorganismos pasando pola flora e fauna (aves, anfibios..) e rematando na paisaxe.

O desenvolvemento da agricultura é un dos alicerces nos que se sustenta o **marcado crecemento da poboación humana** que demanda servizos de aprovisionamento (alimento, auga doce), regulación (clima, saneamento de augas, protección fronte a inundacións), de apoio (creación de solo, reciclaxe de nutrientes) e culturais (recreo, educación) dos humidais. O desenvolvemento da agricultura intensiva vincúlase xeralmente ao deterioro destes humidais, xa que, entre outros aspectos, é a eles a onde van parar os **excedentes** de fertilizantes, herbicidas, pesticidas, desinfectantes, antibióticos... É por iso que se debe promover o emprego de agriculturas baseadas nun menor emprego de insumos exteriores e máis na optimización do uso dos recursos naturais. Agriculturas máis verdes, con

menos labra e con sistemas de produción máis ecolóxicos (rotacións de cultivos, empregos de leguminosas) é un dos piares da nova Política Agraria Común (PAC) no marco do H2020. As prácticas vinculadas aos sistemas agroforestais (combinación de cultivos leñosos e cultivos herbáceos), que inclúen os bosques de ribeira próximos a terreos agrícolas, sebeiros vivos, sistemas silvopastorais, teñen o seu propio nicho como xeito de protexer as nosas augas. A presenza de compoñentes leñosos nos sistemas agrícolas incrementa a biodiversidade, o secuestro de carbono, reduce a erosión, incrementa a resiliencia a axentes externos, aumenta a reciclaxe de nutrientes (evitando contaminación por nitratos, fósforo) e, en moitos casos, reduce as necesidades de pesticidas ao favorecer a presenza de inimigos naturais das pragas e enfermidades vinculadas aos cultivos. Os bosques de ribeira están sufrindo nos últimos anos en toda Europa, xa que tanto amieiros como freixos están morrendo en moitos dos seus humidais, probablemente debido a axentes físicos e químicos vinculados ao desenvolvemento que fan perigar, aínda máis, a saúde dos nosos humidais.

Dende o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia** enténdese que debe ser unha esixencia por parte de toda a sociedade o emprego de prácticas sostibles na agricultura, cun menor emprego de insumos e un incremento da produtividade baseada na optimización do uso dos recursos e nunha recuperación dos excedentes de nutrientes aportados aos cultivos herbáceos pola presenza de cultivos leñosos perennes.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia
981-53 14 40